

ECO-IDEAS ADEGA



Consellos e ideas educativas para pasar na casa a corentena da Covid19



ACTIVIDADE: FAS UN CONSUMO RESPONSABLE DA AUGA?

Aínda que ás veces non sexamos conscientes, a realidade é que non facemos un consumo responsable da auga. Temos acceso á auga nos nosos fogares, temos nos parques públicos, temos fontes... en resumo non temos problemas para adquirila e ás veces non lle damos a importancia suficiente.

Animámoste a faceres un consumo responsable da auga. Xa verás como é máis sinxelo do que imaxinas!!

Eco-Enquisa:

1.Cando vas lavar o corpo que fas?

- a) Darte un baño con espuma.
- b) Darte unha ducha.

2.Cando lavas os dentes?

- a) Deixas a billa aberta.
- b) Pechas a billa e soamente a abres cando te vas a enxugar a boca.

3.Cando lavas a louza como utilizas a auga?

- a) Deixas correr a auga todo o tempo.
- b) Soamente abres a billa para quitar o xabón.

OBXECTIVOS:

Divulgar e promover un consumo responsable da auga.

DAR ACOÑERCER ALGÚNS TRUCOS PARA AFORRAR O CONSUMO DA AUGA

Saber que hábitos debemos mudar para ser máis respectuosos co medio ambiente.



4. Ao lavar a verdura?

- a) Vertes a auga polo sumidoiro.
- b) Utilizas esa auga para regar as prantas.

5. Se tes plantas?

- a) Régalas a primeira hora da mañá ou última da noite
- b) Régalas a media mañá ou a media tarde

6. Agora que hai que lavar máis a miúdo as man?

- a) Deixas correr a auga todo o tempo.
- b) Soamente abres a billa para quitar o xabazón.

ECO-CONSELLOS:

- Non desconzeles os alimentos baixo a auga da billa, sácaos a noite anterior e meteos na neveira.
- Reutiliza a auga de ferver os ovos ou verduras para regar as plantas. Aforras auga e aportas nutrientes.
- Reduce a cantidade de auga introducindo unha botella chea de auga ou area na cisterna ou múdaa por unha de dobre descarga.
- Non empregues o retrete como se fose unha papeleira. Contaminas a auga e malgástala.



Podedes realizar a seguinte enquisa para saber o consumo real da auga nos nosos fogares:


<https://emapic.es/custom/consumo-auga-udc>

Solucións:

- 1. **a) 1 b) 2**
- 2. **a) 1 b) 2**
- 3. **a) 1 b) 2**
- 4. **a) 1 b) 2**
- 5. **a) 2 b) 1**
- 6. **a) 1 b) 2**

De 0 a 5 puntos:

Debes mudar os teus hábitos de consumo. A auga é un ben preciado, ás veces, por despiste a estamos a malgastala. Se segues o consellos desta actividade acabarás sendo un/unha experto/a!!



De 6 a 12 puntos:

Noraboa!!! Tes moi bos hábitos acerca do consumo da auga. Se queres seguir axudando a aforrar auga, podes seguir os Eco-Consellos que aparecen na actividade!!

